***A GRANDE ILUSIÓN***

**[*La Grande Illusion*, Jean Renoir, 1937, Francia, 114', VOSE]**

Dirección **Jean Renoir**
Guión **Jean Renoir, Charles Spaak**
Fotografía **Christian Matras**
Montaxe **Marthe Huguet, Renée Lichtig, Marguerite Renoir**
Son **Joseph de Bretagne**
Música **Joseph Kosma**
Elenco **Jean Gabin, Erich von Stroheim, Pierre Fresnay, Marcel Dalio, Dita Parlo, Jean Dasté, Julien Carette, Georges Péclet, Werner Florian, Sylvain Itkine, Gaston Modot, Jacques Becker**
Produción **Réalisation d'Art Cinématographique (RAC, París)**
Distribución **Classic Films**

Primeira Guerra Mundial (1914-1918). O avión en que viaxan o capitán Boëldieu e mailo alférez Maréchal é derrubado polos alemáns e ámbolos son encarcerados. No barracón do campo de Hallsbach onde están recluídos, deben convivir cun variopinto grupo de compatriotas que, máis aló das diferenzas de clase que existen entre eles, une forzas para escavar un túnel que posibilite a súa fuxida.

VINDEIRAS SESIÓNS **XANEIRO 2021**
***CICLO JEAN RENOIR***

**MARTES 26 ás 19:30 h**
*A REGRA DO XOGO* (1939, 113 min., VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#134
19.1.2021

# A GRANDE ILUSIÓN

JEAN RENOIR

CINECLUBE PONTEVEDRA

## AS PROXIMIDADES DA GUERRA: *A GRANDE ILUSIÓN*
ANDRE BAZIN

A copia de *La Grande Illusion* exhibida en 1958 é unha versión completa reconstruída grazas aos coidados de Jean Renoir e Charles Spaak, a partir dun negativo secuestrado polos alemáns e atopado en Múnic polos americanos. Durante a súa explotación internacional os diversos positivos en circulación foron máis ou menos mutilados. Os principais cortes foron feitos en 1946 para una reestrea que motivou daquela algunhas polémicas. Reprochábaselle (sobre todo George Altmann), ser demasiado xentil cos personaxes alemáns e mostrar algunhas pegadas de antisemitismo. A sensibilidade dos días seguintes á Liberación pode explicar estes xuízos tan contrarios ao espírito do filme. Cortáranse algunhas frases relativas á raza de Rosenthal e unha serie de escenas de amor entre Maréchal e Elsa. En calquera caso, a mensaxe do filme en 1946 non podía aínda ser ben entendida. Non obstante, en 1937 a crítica fora xeralmente entusiasta; caso case único na obra de Renoir, con frecuencia mal recibida ou, nos mellores casos, recibida con opinión divididas.

O éxito do filme non se produciu, por outra banda, só en Francia, senón que foi moi rápido no estranxeiro. Tería gañado dende logo o Gran Premio do Festival de Venecia de 1937 (no canto de *Carnet de Bal*) se o feito de outorgarlle unha Copa Mussolini a un filme demócrata e pacifista non fose algo imposible. Tamén se creou especialmente para el un premio «ao mellor conxunto artístico», para satisfacer a conciencia dos xurados. Malia esta recompensa oficial, o filme foi prohibido en Italia (e naturalmente en Alemaña). En América, non obstante, o seu éxito foi triunfal (quince semanas de estrea nun gran cinema de Nova York e distribución por todas as principais cidades do país). Roosevelt diría que «todos os demócratas deberían ver este filme».

Jean Renoir explicou el mesmo (no tráiler composto para a reestrea de 1958) como naceu o filme: «A historia de *La Grande Illusion* é rigorosamente certa e contáronma varios dos meus camaradas de guerra [...]. En especial Pinsard. Pinsard estaba na aviación de caza e eu nunha escuadrilla de recoñecemento. Tiraba fotos das liñas alemás e en varias ocasións salvoume a vida intervindo no intre en que os cazas alemáns se mostraban demasiado pegañentos. El mesmo foi derribado sete veces, foi prisioneiro sete veces e evadiuse sete veces. As súas fugas son a base de *La Grande Illusion*.»

«Unha historia de evasión, aínda que sexa apaixonante, non abonda para facer un filme. Cómpre un guión. Para isto, Charles Spaak brindoume a súa colaboración. A colaboración foi doada e sen nada destacable. Aos lazos da nosa amizade uníronse neste caso os lazos da nosa fe común, da nosa crenza profunda na igualdade e na fraternidade entre os homes.»

De feito, o guión de *La Grande Illusion* experimentou varios avatares unha vez finalizado o tratamento inicial de Spaak. En primeiro lugar, porque este é entre todos os filmes de Jean Renoir aquel do que se coñece a parte reservada á súa improvisación. E sobre todo porque un acontecemento imprevisto veu trastornar ao comezo mesmo da rodaxe en Alsacia todo o equilibrio do filme. Os produtores conseguiran no último momento contratar a Eric von Stroheim (proscrito en Hollywood) para o papel de comandante Von Rauffenstein. E Renoir, que sempre declarara a súa admiración polo director maldito (cuxa influencia sobre a súa obra é, por outra banda, considerable), non podía resignarse a utilizar semellante adquisición dentro das dimensións extremadamente reducidas do papel na versión inicial. Comezou entón unha relación diaria entre Stroheim e Renoir que significou unha fecunda colaboración da que saíu non só o extraordinario personaxe do actual Von Rauffenstein, senón tamén un dos máis belos achados do filme: o desdobramento do tema do aristócrata entre o capitán francés e o comandante alemán. Desdobramento que permitía un diálogo e unha meditación sobre a nobreza bastante máis sutís cá simple antítese entre Maréchal e Boïeldieu.

Non estou seguro de que *La Grande Illusion* sexa o filme máis realista de Renoir, mais si é certo que o seu valor permaneceu intacto e isto débese principalmente á súa composición realista. As probas disto son numerosas e a máis evidente é a pluralidade de idiomas. Entre os días seguintes á Liberación, filmes coma *La Dernière Chance* e sobre todo *Paisà* remataron afortunadamente coas vellas convencións dramáticas que lles permitían ás personaxes de calquera orixe entenderse uniformemente na lingua de Shakespeare, Dante ou Molière. Mais isto durou só algún tempo, porque xa hoxe atopamos, por exemplo, que un cinema considerado realista coma o británico ofrece filmes da Resistencia que se desenvolven en París onde que as porteiras falan en inglés. Moito antes de que o fixera o neorrealismo, Renoir baseou o seu filme na autenticidade das relacións humanas a través do idioma. Pabst, é certo, fixérao en *La Tragédie de la Mine*, mais de maneira moito menos sutil. Aquí, a xenialidade que lle outorga ao achado todo o seu valor humano é o emprego dunha terceira lingua, o inglés, entre Von Rauffenstein e Boïeldieu; non xa unha lingua nacional, senón unha lingua *de clase* que illa os dous aristócratas do resto da sociedade plebea.

Fragmentos de BAZIN, ANDRÉ (1973). *Jean Renoir*. Madrid: Artiach Editorial.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.